



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complexo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



CAMPIONATO AUTONÓMICO EMBARCACIÓN FONDEADA XUVENTUDE MOZOS E MOZAS

1 DE XULLO DO 2023 (data alternativa 8 de xullo)

A CORUÑA

Esta competición desenvolverase conforme ás presentes bases, ao regulamento da FGPe C e conforme ás normas vixentes en materia de pesca en vigor na Comunidade Autónoma de Galicia para esta modalidade.

Características Técnicas do Escenario

Haberá varios posibles escenarios. Segundo o vento e o mar que atopemos na mañá da competición o Comité decidirá en cal se pesca.

PROGRAMA :

7,45 Horas: Recepción dos pescadores no muelle.
8,00 Horas: Sorteio de embarcacións
8,30 Horas: Saída cara o escenario da competición
9,00 Horas: Comezo da manga
12,00 Horas: Fin da manga
12,30 Horas: Pesaxe
14,30 Horas: Publicación da clasificación e entrega de trofeos.

(Estes horarios poderán ser modificados por circunstancias climatolóxicas)

BASES

XURADO: A súa composición nominal darase a coñecer, despois de feito o sorteio.

MANGAS: A Competición desenvolverase nunha única manga de 3 horas.

SORTEO: A distribución dos deportistas nas distintas embarcacións resolverase por sorteio dirixido.

CONTROIS: A función de controis farana os patróns, que vixiarán o cumprimento das normas da competición e informarán ao Xuíz do seu incumprimento.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



CAPTURAS: As pezas presentadas á pesaxe, inferiores en 1 cm. á medida mínima legal establecida pola Consellería de Pesca, serán penalizadas descontando o seu peso do total obtido.

Non serán admitidas como válidas as seguintes especies: xurelo, muxo, congro e xarda .

CEBO: Subministrarao o Comité e constará de tres caixas de coreano. Será gratuíto para os participantes.

REGULAMENTO: Serán de aplicación as normas reflectidas no Regulamento de competición da FGPHYC.

PARTICIPANTES: Non terá coste de inscrición. Deberán comunicar a súa participación antes do día 24 de xullo do 2023 ás 14,00 horas, mediante escrito ao correo delegadocoruna@fgpesca.org incluíndo a documentación pertinente.

Os inscritos non poderán ter unha idade menor de 12 anos nin maior de 18.

É obrigatorio o uso do chaleco salvavidas mentres se estea embarcado. Cada deportista terá que traer seu chaleco e mascariña.

MATERIAL DEPORTIVO:

CANAS: O deportista só poderá ter unha cana en acción de pesca. Durante a acción normal de pesca a cana debe sosterse nas mans, sen apoiála nin fixala á embarcación. Os deportistas poderán ter montada de reserva outra cana, pero sen o baixo de liña. As canas terán unha lonxitude máxima de 5 metros, con carrete, un mínimo de 4 argolas e baixo de liña lastrado.

CARRETES: De uso opcional, manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria. Prohibidos os carretes eléctricos.

LIÑAS: Libres, tanto no seu diámetro coma na súa composición. Está prohibido o uso de flotadores na liña.

BAIXOS DE LIÑA: Son libres en diámetro e composición, incluso metálicos. Poderán ir provistos dun máximo de tres anzois simples. A lonxitude será discrecional, non obstante non poderán superar o largo da cana. Os baixos de liña de reserva deberán permanecer debidamente gardados.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



LASTRES: O seu peso será discrecional en función do vento e da corrente. En todo caso o seu peso non será inferior a 80 grs e deberá sempre tocar fondo. En ningún caso se permitirá que a deriva por corrente ou vento moleste aos deportistas contiguos. De ser así ao infractor daráselle un aviso. De reproducirse ese feito será expulsado da competición.

ANZOIS. Cunha medida mínima de 7 mm de ancho total. Os deportistas non poden estar en posesión de anzois cunha apertura inferior a 7 mm. de ancho total. Quen infrinxa esa norma será desclasificado desa manga. De reiterarse esa circunstancia será expulsado da competición.

PERMÍTESE:

Utilizar, sempre fóra do anzol, materiais atraentes coma culleriñas brillantes, perlas e plumas coloreadas, pezas fosforescentes, etc.

Un máximo de tres perlas flotantes en cada baixo de liña, cuxa dimensión máxima de cada unha delas sexa de 15 mm.

O fío elástico para fixar o cebo no anzol.

O uso de elementos auxiliares coma o redefol ou o bicheiro. Este último debe estar desprovisto de arponciño. Os redefoles e os bicheiros son de uso persoal, eventualmente, permítese prestalos entre deportistas da mesma embarcación.

NON SE PERMITE:

O uso e tenencia de produtos ou elementos atraentes ou aromáticos.

O uso de anzois dobres ou triplas.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

D. Ramón Souto Pérez
Presidente do Comité de Embarcación Fondeada



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACION E O USO DE FOTOS

A Lei obríganos a dispoñer de autorización paterna/materna para publicar as fotos dos menores e por iso solicitamos o seu consentimento para realizar e publicar imaxes nas cales apareza o seu fillo/a, mentres realiza distintas actividades relacionadas con esta competición (pesca, entrega de premios ou semellantes)

A publicación é unicamente para uso divulgativo, respectando en todo momento o dereito á honra, á intimidade persoal e á propia imaxe dos deportistas.

Eu, D/Dña. _____ con
D.N.I. _____ como pai, nai e/ou titor/a legal do
deportista _____

dou o meu consentimento e autorización ao antedito para a súa participación
no Campionato de pesca _____

En a _____ de _____ de _____

Sinatura do pai, nai e/ou titor/a legal